

MOCIÓN SOBRE A MELLORA DO ESTADIO DE SAN LÁZARO E CESIÓN DE ESPAZO PARA INSTALACIÓNS DA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estadio Multiusos de San Lázaro é unha das máis emblemáticas infraestruturas deportivas da nosa cidade. Malia esa consideración, transcorridos 22 anos desde a súa inauguración, as súas instalacións precisan dunha importante posta a punto, unha reforma integral, que lle dea resposta ás necesidades dos clubs que desenvolven alí as súas actividades e que optimice o uso dos locais existentes para todo tipo de actividades ligadas ao deporte, en especial para aqueles deportes minoritarios máis necesitados de axudas e promoción.

Durante o pasado mandato municipal leváronse a cabo varias actuacións para a mellora do céspede, a eficiencia enerxética, o acondicionamento do ximnasio e outras obras menores, pero continúa pendente unha actuación máis en profundidade para unha reforma integral que converta o estadio nun punto neurálxico para deporte no concello, recuperando o valor e o potencial das propias instalacións e do contorno, para devolverlle a esta zona deportiva un esplendor que foi mingando co paso dos anos.

O acondicionamento e homologación da pista de atletismo, que permita a celebración de probas de competicións oficiais, a definición do uso dos espazos dispoñibles para satisfacer as demandas de deportes minoritarios que non conta cos recursos doutros máis populares, ou a regulación da cesión de instalacións a entidades para adecuar os usos aos diferentes clubs, son aspectos nos que se podería incidir para mellorar as prestacións deste espazo multiusos.

Un aspecto primordial dentro desta estratexia de potenciar San Lázaro podería articularse arredor da posibilidade de ofertarlle á Federación Galega de Fútbol un espazo para instalarse, de acordo coa realidade de Santiago de Compostela, tendo en conta a tradicional repercusión social deste deporte no noso concello e na contorna, a condición de capital, a posición xeográfica de centralidade e as oportunidades de comunicación que ofrecen estas instalacións.

Durante a pasada lexislatura a propia entidade deportiva iniciou contactos co Concello con esta finalidade, polo que, á súa vez, desde a Administración local se iniciaron xestións coa Xunta de Galicia dirixidas á cesión do uso do espazo que ten na actualidade a Secretaría Xeral para o Deporte no Estadio de San Lázaro, para que este puidera estar dispoñible para un ofrecemento á Federación.

O ofrecemento da cesión do espazo podería complementarse coa proposta de colaboración por parte da Federación para contribuír á mellora das propias instalacións e, de forma especial, daquelas vinculadas á práctica do fútbol.

Deste xeito, a cidade obtería un dobre beneficio: o derivado do asentamento dunhas novas instalacións da principal institución futbolística de Galicia, co que iso comporta de oportunidades para o tecido económico da cidade e, por outra parte, a posibilidade de implicar á propia Federación na tarefa común de impulsar e potenciar a mellora das instalacións e o carácter de cidade deportiva do Estadio San Lázaro.

En consecuencia, o Grupo Popular presenta ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:


O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- ***Impulsar o plan de mellora integral das instalacións deportivas e dos locais do Estadio San Lázaro, previsto polo Goberno anterior e orzamentado no 2015 no referido á súa primeira fase.***
- ***Completar o máis axiña posible a recuperación para o Concello do espazo que a Secretaría Xeral para o Deporte ten no Estadio de San Lázaro.***



- ***Continuar as negociacións coa Federación Galega de Fútbol para o ofrecemento da cesión en uso de espazo no Estadio de San Lázaro onde albergar as súas instalacións na nosa cidade e, se fose o caso, negociar a contribución desta entidade para mellorar as condicións das instalacións municipais dedicadas á práctica futbolística.***

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2015



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

